



Aínda que nado en Melide en 1946, a infancia e xuventude de Xosé Vázquez Pintor transcorre en Agolada. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación exerce dende hai anos como profesor de ensino medio.

Con gran vinculación á escena, funda os grupos teatrais Acoradouro e Casa da Bola, en Cangas, a súa localidade de residencia. Labor que compaxina con diversas colaboracións en radio e prensa, pois foi membro fundador do semanario *A Nosa Terra*.

En canto a súa faceta como escritor, cultiva poesía (*Gándaras, Terra e pan, O despertar tamén é noso, Ofidios de diario, Na vertical da noite, No corazón mancado, Rotazón violeta, Banzados*), ensaio (de carácter antropolóxico: *Os vellos oficios, A tribo sabe*), narrativa (*De ida e volta, Lume de biqueira, Quen faga voar, [A memoria do boi](#)*) e teatro (*A fraga encantada, A sombra da memoria e Teatro do patacón*).

A súa calidade literaria acadou numerosos recoñecementos entre os que destacan os premios Eduardo Pondal, Cidade de Ourense, Esquíó, Uxío Novoneyra, Carvalho Calero, Torrente Ballester ou o Premio da Crítica Española.

O xornalismo érguese como unha das súas grandes vocacións contabilizando diversas colaboracións en xornais como *El Ideal Gallego, A Nosa Terra, Faro de Vigo* ou *La Voz de Galicia*, en radios como SER-Galicia e mesmo en debates televisivos na Televisión do Morrazo.

### **A cidade de pedra**

Por F. Martínez Bouzas (*La Voz de Galicia*)

Entre a mancha de consideracións que cumpriría facer sobre [A memoria do boi](#), quizais non sexa superflua a de lle facer saber ao lector que a fabulación de Xosé. Vázquez Pintor fíxose merecedora no ano 2000 do premio Torrente Ballester. Era a cuarta vez que unha peza narrativa galega acadaba o galardón competindo con cerca de douscentos orixinais, escritos na súa maioría en castelán. A memoria do boi é unha novela

**GRUPO B**



fabulada na madurez dun escritor que estourou finalmente como poeta e como narrador, malia o acantoamento nas coordenadas do prosaísmo sociorealista no que certa crítica colocou para sempre a Xosé Vázquez Pintor. Mais o escritor evolucionou, seguindo os seus propios criterios, e deu o chimpó cara a unha prosa que manexa coa facilidade dun meigo.

A novela representa o intento engaiolante e á vez orixinal de literaturizar unha cidade, a Cidade da Pedra. As pedras de Pontevedra, que fan música elas soas, as súas laxes vedrañas, teñen definitivamente a súa ensoñación fabulosa e a nosa terra unha nova metáfora na figura totémica do boi: paso lento e firme, obstinación e perseveranza. Así se fixo a nosa historia e así se ergue a cotío a nosa identidade. Nesta novela coral e polas vinte rúas da cidade antiga, posuidoras dun maxia íntima e de nomes de saibo medieval, levan a súa historia diaria ducias de personaxes, algúns recoñecibles, outros enteiramente inventados nun tempo que abrangue o último tercio do século XIX e os primeiros anos do XX. Un inmenso friso literario que recrea con fina textura os fíos existenciais de persoeiros senlleiros e do común de Boapedre, apreixados no estouro dos soños do autor. Historias tráxicas, conmovedoras que converxen nunha verdadeira descuberta da Cidade da Pedra. Tensión, forza, sorpresa, carraxe, tenrura e o galano dunha prosa primorosa, ateigada de bríos, de paixón e expresividade. Un estilo epopéico que asenta a súa forza na oralidade, no lirismo e no achegamento da voz narrativa aos protagonistas para recrear a fabulación do vivir cotián e solidario na Cidade da Pedra.


## De longo percorrido

Por M. Lourenzo González (La Voz de Galicia)

En [A memoria do boi](#) pódense ensaiar dúas lecturas diferentes. Primeiro, a do purista erudito que pasa as súas follas cunha man e coa outra, simultaneamente, as do diccionario; segundo, a do lector de a pé, que se deixa levar pola sinfonía conxunta dos signos escritos sen pararse a medir o valor de cada nota particular. Unha e outra lectura ofrecen praceres diversos e un pouco de sufrimento. Porque [A memoria do boi](#) é literatura de longo percorrido, en terminoloxía cara ao autor, un libro arduo, denso, cuxa profundidade non se albisca nunha primeira aproximación.

O libro ofrécenos unha paisaxe complexa de historias breves na mellor tradición do relato curto, ensarilladas con mestría nunha estrutura novelística precisa e efectiva sobre o soporte espaciotemporal de Boapedre, trasunto da vila de Pontevedra, aló nas primeiras décadas do século pasado. Os personaxes son homes e mulleres do común no amplo abano da catálogo social, predominando os que Victor Hugo, caracterizou como os miserábeis. Pero tamén achamos protagonistas as bestas, os lugares, os elementos, dotados de presenza singular e convertidos en forzas actuantes. E sempre, como engrenaxe permanente, o saber, a memoria. O resultado é unha novela coral na que cada ser é parte fundamental dun todo heteroxéneo e dramaticamente vivo.

No plano estilístico, destacamos a mestura consciente da voz do narrador coa dos protagonistas, chegando a facerse un con eles, coas súas accións e pensamentos, para introducilos así no imaxinario do lector e





espertar a propia memoria persoal, de xeito que os lugares, os acontecementos, os actuantes, acaban resultándonos familiares, parte das nosas vidas.

Salvando as inevitábeis referencias a ascendentes de peso, entre os que podiamos sinalar texturas blancoamorianas e valleinclanescas, [A memoria do boi](#) é unha novela con alento innovador, construída con enerxía por un autor con forte personalidade, posuidor dun caudal léxico dos que dignifican un idioma e capaz de elaborar unha sintaxe persoal atrevida. Con aqueles materiais e estas ferramentas, velaí a memoria, a súa e a nosa.

## «O boi é a metáfora de Galicia, da súa resistencia, do seu paso lento e seguro» (Entrevista a Xosé Vázquez Pintor, extraída de La Voz de Galicia e Noticieirogalego.com)



O corazón de Xosé Vázquez Pintor late ó ritmo da terra, vai paseniño cando pasea polo casco vello de Ponvteedra, escoita o mar ao lonxe e recolle dos silencios das pedras anacos de historia e outras veces corazón e palabra galopan detrás dos que non saben defender a lingua galega «que sendo case analfabetos defenderon durante cinco séculos os nosos antepasados e agora, con moita máis información e máis coñecementos hai xente que non é quen de defendela». Neste intre o número de pulsacións do autor da novela «*A memoria do boi*» xa vai ó galope, aínda que logo volve «o rego» do ritmo normal.

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) lembra perfectamente o primeiro día que unha obra súa chegou á rúa: o 27 de novembro de 1971. Era o poemario *Gándara*, que publicou a xa desaparecida editorial Celta. Desde entón, en sucesivas etapas foi facendo o que chama «ousadías» e publicando ensaios, outros poemarios e narrativa, xénero este último no que empezou en 1996. Sobre a novela que entrega mañá La Voz de Galicia di que «o boi é a metáfora de Galicia, da súa resistencia, do seu paso lento e seguro que nunca recúa».

### Houbo, na túa carreira literaria, un antes e un despois de *A memoria do boi*?

Si. Era no ano 2000. A terceira novela das miñas ousadías. O diferente está en que Boapedre (Pontevedra) existe, apropiéina nun ascenso das atmosferas da vida, xa era miña. Namoramos os dous naquelas case dúas horas da mañá cedeira en cada martes. Eu tíñaas ensoñadas no Instituto; e a cidade tamén. Cadramos xuntos no outono e inverno. Era o silencio. Era a pedralaxe, era a pedra primixenia, eran as idades, era o conforto dunha arquitectura sorprendente, eran as ruelas, eran as prazas, era o pálpito da vida terra-mar... Aquela xente da miña inventiva solidaria, cómplice, namorada. E outra vez o silencio, ese mundo das cavilacións e dos adentros. Fómonos dando bicos de auga e de sede. Anunciaron os premios dende lonxe e choveu café. Un aturuxo ben forte pola vida que nos cadra. Velaí as diferenzas cos outros libros. Se antes xa era afortunado, agora e despois tamén o son.



## Tertulias Literarias

### ¿Como explica «A memoria do boi» a quen non a leu?

Esta novela é o deslumbramento dun autor, dunha persoa que soña, por un encontro, un achádego coa pedra de Pontevedra, polo río que atraveso tódolos días e por un mar que hoxe non é o mar que eu soñei na novela.

### ¿Que lle pasou?

Aquel era o mar que recibía o Lérez. Hoxe non quedan nin os ecos daquel barrio mariñeiro, A Moureira, que era un referente na historia de Pontevedra entre outras cousas porque o gremio de mareanos foi quen ergueu xoia que é Santa María a Maior.

### ¿Que atopou nos seus paseos Pontevedra?

Pasear pola cidade vella permite escoitar o eco dos teus pasos, en horas de media mañá dun outono e dun inverno, cando eu escribín a novela, só existía o silencio, a pedra e máis eu. Tiña a complicidade dunha velliña que me vía tomar nota dos vellos rueiros, a rúa do Rego, e nese silencio, nesa distancia houbo unha comunicación máxica de supervivencia, aínda que nunca falamos, da que xurdeu a necesidade de crear vida.

### ¿É ficción ou historia?

É un percorrido de ficción desde os últimos anos do século XIX ata a década dos anos cincuenta ou sesenta. Son 31 capítulos que non van nun linguaxe lineal senón niso que chama flashback. Todo é ficción e ten como eixo o ano 1916, cando chega Castela a Pontevedra; pasoulle como a min que tamén quedou deslumbrado pola cidade, viviu aquí unhas anos e desde o exilio pedía que, si non voltaba con vida, que fora enterrado en Pontevedra.

## A novela da cidade de pedra

Por Francisco Martínez Bouzas (El Correo Gallego)



No ano das súas tullas cheas, chégalle por fin o público recoñecemento ao excelente poeta e narrador que é Xosé Vázquez Pintor. E chégalle co premio quizais máis selectivo no que compite a literatura galega. Entre preto de douscentos orixinais, deles trinta en galego, e por cuarta vez na súa historia, un texto escrito en galego acadaba o premio Torrente Ballester de narrativa. Engadíase desta forma X. Vázquez Pintor a Freixanes, M. Rivas e Caneiro, a nómina dos gañadores dun dos premios de máis entidade e prestixio dos convocados en Galicia.

X. Vázquez Pintor é un autor felizmente rescatado para a nosa narrativa. Este escritor todoterreo, que manexa a lingua coa facilidade dun meigo, pero que no seu momento foi excluído inxustamente de calquera xuízo valorativo salientable por cousa daquel prosaísmo de orientación social, tan deostado, dos seus primeiros poemarios, deu primeiramente o salto a un cultismo equilibrado no terreo lírico, e en anos posteriores, sobre todo á prosa.

**GRUPO B**





## Tertulias Literarias

Contounos primeiramente as vedrañas experiencias dos nosos oficios -os saberes da tribo- e máis tarde decidiuse a contrastar esa madeira que leva dentro, de gran creador no xénero da narrativa. E así, sen présa pero sen pausa, foron aparecen do *Lume de biqueira*, a primeira novela- epopea verbo do fútbol galego e, xa neste ano, *Quen faga voar*, un libro romántico. heroico e pavoroso.

Chéganos agora *A memoria do boi*, seguramente a consagración definitiva do autor como narrador.

*A memoria do boi* é na brevidade das súas 167 páxinas unha novela: tremenda, tremenda e engaiolante. De entrada, a literaturización dunha cidade, a cidade de Pedra. As pedras de Pontevedra, pedras que fan música elas soas, as súas laxes vedrañas teñen definitivamente a súa ensoñación fabulosa.

Como Auria e Compostela. E a nosa terra, unha nova metáfora na figura totémica do boi: paso lento e firme ("O touro negro atendía e fai tres pasos cara a adiante, os ollos de mar abertos"). Pois definitivamente polas vinte rúas da cidade antiga, posuidoras dunha maxia íntima, quizabes sen par en Galicia, por estes vellos rueiros medievais, con antigos nomes rescatados nesta novela, levan a súa historia diaria ducias de personaxes, algúns recoñecibles, outros enteiramente inventados, nun tempo que se supón o último tercio do século XIX e os primeiros anos do XX ata 1916 que coincide coa chegada de Castelao á cidade do Lérez. A memoria do boi convértese daquela nun inmenso friso literario, nunha novela polifónica e coral que recrea, con fina textura, os fíos vitais de persoeiros singulares e do común de Boapedre, apreixados na rebelión dos sonhos do autor. Fíos vitais e biográficos arrastrando historias entrañables, tráxicas e conmovedoras que converxen nunha verdadeira descuberta da cidade de pedra.

Ducias de historias amalgamadas nun broslado de imaxes fortemente simbólicas e poéticas. A partir do fermoso sonho do boi no que lle vén todas as acordanzas. A historia do cego ze e a da súa noiva de sempre, Amara; a de Goriño, poeta maior e louco, de Boapedre; a do Pícaro Carnota que vai de miranda pola vida. A de Nerea, que no seu desespero, entrega o seu fillo e as probas do amor á sorte de Penique, o pai medoñento que fai imposible máis sonhos. A fondísima fábula do capítulo 13, na que o Señor de Traspensas, manda emisarios a aldea para pedirlle a Xosé que lle deixe por un



tempo o seu cativo para cumprir o antollo do adoptivo Miguel Anxo que lle pide aos Reis "que lle traían un neno pobre para xogar". O desenlace en traxedia dos afectos de Manuel e do boi Rubio. A do tratante que confesa a terrible circunstancia de cando se cegaban os becerros para que non desen traballo no acarrexo ata o matadoiro. Un capítulo de tres páxinas. que podería ser unha novela de seu e na que se sente o xogo máxico das onomatopeas que cumpren unha óptima función de aforro descritivo e emocional. E regresamos, se seguimos lendo, ao espacio físico da Moureira para interpretar a chagada da putiña nova e foránea -a rapariga que rompe- que traerá no gume do desexo a toda a caterva da cidade, ou ao espacio de lería e de encontro na barbería de Vareliña e Daniel, unha verdadeira crónica de afectos e intereses ideolóxicos.

Tamén o mundo dos arrieiros que chegan pola ponte para dialogar en de xeito rotundo o prezo e o trato do viño novo e cantador. A historia das xentes de Orcellón e do Irixo que tentan vir á ribeira para facer vida na

**GRUPO B**



## Tertulias Literarias

Casa do Padal, porque a miseria das guerras impide o progreso da tribo, pero as mociñas néganse a abandonar a miseria e a alma. A crónica terrible da tourada do mar que os señoritos do Casino escoitan abraiaidos. Ou o relato da marabillosa solidariedade da Marquesa para evitar a pena de morte dictada contra dúas mulleres de Ribadumia, nai e filla, acusadas de parricidio, en defensa do seu honor. O tremendo relato da rebelión do Gaviota, mariñeiro ateo que comunga á forza pola dignidade dos crentes da Moureira, pero pelexa antes coa morte onde o cura nunca fora capaz.


E así ata 31 capítulos de historias conmovedoras, tráxicas, nas que produce a mestura da cultura da montaña e da ribeira. Tensión, forza, sorpresa, emotividade, tenrura, conseguidas po-lo autor mercé ao emprego dun rexistro léxico riquísimo e moi autóctono, fermosas definicións sinestésicas ("Nena morena de centeo. Era un repenique") e un estilo foite, epopeico pero que ao mesmo tempo, mediante a novidade formal da supresión sistemática do artigo diante do nome do personaxe, consegue un achegamento da voz narrativa ao protagonista. Crónica viva, fabulación pavorosa, por veces tenrísima, sempre solidaria do vivir cotián na cidade de pedra, en anos de guerra e miseria. aínda moi preto de nós.

### Outros títulos de Xosé Vázquez Pintor nas Bibliotecas de Oleiros:

#### Narrativa




[Antípodas](#)



[Máis vidas](#)



[Mar de bronce](#)



[Quen faga voar](#)

#### Literatura infantil e xuvenil



[Asubio, Fina e Petra](#)



[A folia seca](#)



[Lume de biqueira](#)



[A fraga encantada](#)

#### Poesía




[Banzados](#)



[No corazón mancado](#)



[Seara](#)



[Rotación violeta](#)


#### Artigos xornalísticos, ensaios



[Columnas de papel](#)



[Tal era vivir](#)



[A tribo sabe](#)



[Os vellos oficios](#)

#### Fontes:

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2002/04/23/1059544.shtml>

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2002/04/23/1059545.shtml>

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2002/04/23/1059548.shtml>

<http://www.noticieirogalego.com/xose-vazquez-pintor/>

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/xose-vazquez-pintor/paratextos/71/a-novela-da-cidade-de-pedra>

[http://callesdepontevedra.blogspot.com.es/2013\\_11\\_01\\_archive.html](http://callesdepontevedra.blogspot.com.es/2013_11_01_archive.html) (fotos antigas de Pontevedra)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda  
Avenida Rosalía de Castro 227 A  
15172 – Perillo (Oleiros)  
Tfno.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996

Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

Web: <http://www.oleiros.org/web/concello-oleiros/bibliotecas>